

LUPE GÓMEZ "Calidoscopio de cores"

Entrevista Estibaliz **Espinosa. Publicada** **no Galicia Hoxe** **15/7/07**

Qué cores che gustan?

Malva e marelo. Pero, segundo en que obxectos, todos os do espectro. Gústanme os nomes das cores: branco nuclear, violáceo, verde esmeralda, azul ultramar, vermello escarlata, negro elmo-de-darth-vader... Imparto psicoloxía das cores. Coido que son esenciais na comunicación humana. E na imaxinación humana

De qué cor é A Coruña?

A cor da Coruña non é relucente, senón bretemosa, pixelada co branco invasivo do mar. Azulada, cincenta ou dun marelo esvaído. Cores arrastradas polo vento. E ten os pes negros coma o petróleo que refina. Pero iso non é nada malo para min, ao contrario. Gústame vivir aquí.

Como é o teu barrio africano?

Eu era unha nena do centro, dunha desas familias medio arruinadas que aínda conservan unha valiosa casa dos antepasados. Vivía soldada á miña casa e á miña pequena familia. Custoume deixalos. Cando independicei vivín no mesmo barrio, noutra casa. Agora veño de mudar ao barrio máis senegalés, chino e sudamericano de Coruña: é como viaxar no metro de Berlín. Xente que vén aquí esperanzada. Cada vez que cruzas o semáforo, cruzas con alguén que naceu a miles de quilómetros e fala outro idioma e cre en divinidades e traballa

moito máis ca ti e gaña moito menos. Hai correntes de simpatía neste barrio, é unha zona nova, borrachina, comercial, periférica. O típico *uptown*.

Qué é Galicia para ti?

O Norte do Sur do hemisferio Norte. Un lugar paradoxal, atlántico, para recuncar. Tamén paréceme un videoxogo con gráficos fantásticos, un bo director de fotografía e actores sospeitosamente cribles.

Gústame xogar a ese videoxogo. Mais tamén comparto unha especie de *senfronteirismo*. Dende Galiza, véxome como un híbrido composto dun ollo que observa o que non é Galiza. Non son patrioteira. A terra – a que xira arredor do sol- ten lugares moi fermosos. O meu pai era palentino. Os meus avós, emigrantes en Cuba, de Ortigueira e Rodeiro. Crío un fillo medio caribeño. Galiza tenlle que perder medo a quererse. E os intelectuais galegos tenlle que perder medo a non ter que exaltar continuamente o seu país para demostraren máis galegitude.

Galicia é unha cápsula co país das marabillas dentro, coma o disco de Milladoiro. Convén que os políticos deixen de ser políticos, de xogar coas palabras e, xa que temos que aturalos e mantelos, que fagan un servizo real para potenciar os produtos e valores da terra. Mais tamén cómprenos a nós, os cidadáns. O século XX foi un tempo de reapropiación de identidades. A nivel individual e a nivel sociocultural, xeopolítico. Galiza buscou a súa. Non somos mediterráneos, somos atlánticos. Non somos exactamente españois, pero compartimos o mesmo anaco de continente. Con eles e con Portugal. Temos arterias celtas. Temos un pasado rexio. Temos un idioma. Ben. Démoslle lexitimidade a todo iso. É dicir, démoslle *espazo público*. Pero non pensemos que o resto da terra non vale un can. Iso é mesquiño. Empequenece.

Qué é para ti a poesía?

[...] non necesariamente isto que se me vén á cabeza [...]

Eres unha “criatura mecánica”?

Hai algúns anos empecei a considerarme, así de esguello, a min mesma como unha criatura mecánica. Unha autómatas. A min e a todos os demais.

Interésame a neuroloxía, o estudio do cerebro. Como se xera un pensamento? Onde se aloxa *máisoumenos* a memoria? Tamén deslúmbreme a robótica, iso se cadra polas pelis de ciencia-ficción, que traguei en cantidade. Fronte á corporeidade tan irenunciábel, tan obvia da nosa especie humana, intrigábame pensar que o corpo non era senón unha caixa escura con circuítos eléctricos e que unha facultade -un proceso máis ben- tan abstracto e persoal como a memoria, posuía unha entidade física. E tanto a memoria dunha persoa -xestionada a través de olores ou de fotos de cando se bañaba na praia, de cando disfrazou de princesa árabe, de cando rematou os estudos e andaba namorado...- como a memoria dun pobo ou da especie humana toda, plasman en circuítos físicos e son, polo tanto, alterables, mutantes, borrables e reescribibles.

Son unha criatura mecánica tamén porque son un clon de todo o que me rodea. Mimetízome. E non sei exactamente cal das miñas partes é carne e cal é metal. Cal é un enxerto, unha lembranza inventada, unha sensación que comparto conectada a miles de cerebros coma o meu. A cultura é un plaxio.

Recitas coa voz inexacta das actrices?

Non teño nin idea. Fun actriz. Pero nunca me deu tempo a saber se boa ou mala. Nestes tempos de imposturas e simulacros, gústanos vérmonos como actores no grande film da vida, coa súa banda sonora, os seus extras, a súa cámara en man, o seu merchandising.

Teño unha voz grave. Coido que iso outórgalle un falso peso a todo canto digo, mesmo que sexa unha parvada. E tamén xera suspicacias. Hai quen non leva ben que unha muller teña a voz grave. Incomoda. Cren que me creo intelixente. Nada máis lonxe. Son felizmente idiota.

Porqué se chamammmm.... o teu blog?

Primeiro chameino *como kosmos*. Coa idea de que devoramos, *comemos*, materia estelar e tamén somos *como* ela. Son aficionada á astronomía, unha astronomía *amateur* de planetarios, pantuflas e mirar moito polas fiestras. Despois atraeume máis a idea de poñer un título que non signifique nada, universal coma puntos suspensivos ou onomatopeias. *...mmmm...* é unha restrá de sons que pode querer dicir: *aquí cheira ben*; ou *que pracer máis*

grande, dior mío; ou agarda que o pense un momentíño; ou quero falar contigo e non sei como empezar.

A miña timidez adoita comezar cun *mmm*.

Porqué escribes textos longos no teu blog?

Primeiro foi un xeito de dar saída a artigos que tiña escritos había tempo e cos que non sabía que facer –non colleito moitos éxitos na miña xestión editorial-. Teño en mente alternar textos curtos e longos, pero preparo ese novo formato para cando mude de sevidor, de blogger a wordpress. Os textos longos son textos nos que matino bastante, que me levan tempo e moitos mimos. Gústame poñerlles fotos chulas, varios links... Pero tamén atráeme o formato da pequena pildoriña de contido. É difícil abreviar e seguir sendo significativo.

Eres boa cociñeira?

Non. Por sorte son unha muller *cociñada*. A miña receita favorita é... que cociñe outro. Pero debo dicir, na miña defensa e por botarme algunha flor, que fago uns postres fascinantes, que as máis das veces vou inventando sobre a marcha. Por exemplo, hoxe tocoulle ao Pastel cebra, unha delicia de dous chocolates, branco e negro, con galleta polo medio. Tamén sáeme ben o sushi.

Para todo o demais, mastercard.

Gústache cantar ópera?

Si. Que medo dou, non? Gústanme algunhas historias da ópera e algunhas pezas. Na primeira ópera á que fun, *Boris Godunov*, quedei durmida ás 3 horas. Eu son analfabeta en música, pero aprendera a tocar a guitarra e compuña cancións no colexio. Aos 23 anos entrei no coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, alí fiquei 7 anos como soprano. Aprendín a ler unha partitura, moitas arias e cantei nalgunha ópera do Festival Mozart. Pero tamén devezo por PJ Harvey ou Tracy Chapman ou Radiohead ou Sinistro [Total] ou Pixies ou Gentle Giant ou Tom Waits, por poñer exemplos de música que asemade escoito.

Cantar para min é encher un espazo. É algo arquitectónico, se queres. De nena cantaba porque ficaba ás veces un pouco soa nunha casa moi grande. A música fai compañía. Alivia. Calma ás bestas. Rompe cristais. Muda o mundo. Algunha vez téñenme dito: *Conserva esa voz. É un privilexio*. I eu teño sorriso como unha parva. Pero é certo. Se non poidese cantar –como na traxedia da Sereíña- murcharía e apagaría. É realmente un privilexio. Outra cuestión é cómo o utilices, se lle tiras proveito ou non. Pero iso impórtame menos.

Sabes bailar samba?

Son esenciais: unha saia con moitos voantes e un bo cu. A primeira disimula as posibles deficiencias do segundo. O demais é cuestión de articulacións ao nivel da cadeira. Hai xente que a ten soldada e xente que a leva máis solta. Eu non bailo boa samba, é unha brincadeira, pero podería finxir que si, como podo finxir que falo ruso. Iso si, non aturo á xente que di que non sabe bailar. Prefiro que minta, coma min. Bailar é desencosetarse das normas do mundo. Funciona a nivel cerebral. É algo paleolítico, sanguíneo, incrustado no código xenético.

Eres antipática?

Non. Aspiro a selo máis. A simpatía ás veces supónme unha tiranía social. Se o dis polo do blog, o de ser un toxo, defendo certas versións antipáticas da simpatía, coma o sarcasmo ou a nosa retranca. Non soporto á xente que sorri sempre, á xente que se ve na necesidade de contar chistes de continuo ou os risos enlatados.

En realidade, eu son desas que normalmente fan rir aos demais. Pero algunha noite iso ponme de mal humor. Na soidade do seu camarino, o pallaso quere ser trapecista...

Qué é para ti a música?

Unha criatura mecánica. Sae de nós i está lonxe de nós.

Qué tipo de cine prefires?

A sala do cine é unha matriz. Ou a caverna de Platón. Ou a de Altamira. Todo adquire maxia, ilusionismo. Vexo cine moi diferente. Non lle teño reparos ao cine comercial con efectos especiais [gústame a ciencia ficción, como dixeron, e a fantasía épica], pero tamén teño *chupado* moito cine independente, experimental, de autor. Moito CGAI. Encántame o cine mudo. Orson Welles. Billy Wilder. Hitchcock. Berlanga. Mizoguchi. E de hoxe, o cine oriental, o de Kauffman ou Burton e o *anime* e o 3-D. E as pelis de Angelina Jolie ou Kate Winslet, claro, por fetichismo.

Tamén desfrutei bastante experimentos documentais como *Koyaanisqatsi* ou *Baraka*.

Cómo foi o teu paso pola Universidade?

Esquizoide. Ou, se me permites o plaxio, calidoscópico. Estudiaba dúas carreiras a un tempo, daba clases particulares e facía teatro. A miña vida era unha sobredose. Aínda que sacaba boas notas, a Universidade sempre me pareceu un lugar demasiado tendencioso. Demasiado marcado. Xente que segue regos moi claros trazados no chan. Con todo, lembro con cariño a algúns profesores.

Eu son desordenada e ácrata. Vén da miña nai, muller forte, grandiosa e desordenada. E de meu irmán, de quen aprendín todo canto son. Unha vez que rematei a Universidade, quixen saír dese ovo, facer outras cousas.

Vaime máis o titiriteirismo.

Porqué che gusta facer listas de cousas?

De nena pasei toda unha tarde elaborando listas de nomes para un can que nunca tiveron. De adolescente, de todas as pelis que vira no cine [e con quen]. As enumeracións de cousas son xeito inexacto de aproximarse ao mundo, unha catalogación persoal, como aquela hipercitada enciclopedia chinesa de Borges ou as listas da cortesá xaponesa do medievo, Sei Shonagon.

Un día, atopei un álbum cheo de listas de cousas, no canto de fotos: listas de nomes polos que me chamaron, listas de persoas ás que amei, listas de cousas grotescas, de topónimos favoritos...

Non sei, supoño que terei que facer unha lista de razóns para facer listas... Son moi desordenada, impuntual... é un xeito de xustiza cósmica

Sintes atracción polas matemáticas?

Si. Atráeme a ciencia se cadra porque desenvolvo nun mundo de imaxes e letras. Escollín ciencias no bacharelato e gardo un cariño hormonal pola física e as matemáticas. Penso no principio do que chamamos *a nosa cultura*: arte, ciencia e filosofía eran, para os gregos, cordas do mesmo instrumento. Patróns matemáticos están detrás do crecemento dun xirasol, da porta automática dun ascensor ou desta pantalla que nos permite ver isto. As matemáticas, como a física, precisan dunha boa dose de fe e fantasía.

A vida é unha obra de teatro?

Ou un ensaio dunha obra que endexamais estreará. Ti chegas a un escenario vestida coa túa roupa da rúa e, de súpeto, tes que facer de raíña grega ou de bailarina de striptease ou de suicida. Non sabes o guion. Non sabes quen dirixe. Nin que tipo de tramoia che pode caer enriba. Cres que es única e orixinal, pero hai centos e miles coma ti. Compartes células, emocións, gustos, con media especie humana. Nese teatro non sei se os protagonistas somos nós ou as nosas células. E, do tipo de células, dubido entre as neuronas ou as células sexuais...